

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 31 de xullo de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública a separata do proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na OU-105 (Seixalbo), 2ª fase, coa clave OU/18/094.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.*

**Antecedentes:**

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o proxecto construtivo de mellora da seguridade viaria na OU-105 (Seixalbo), 2ª fase, coa clave OU/18/094.06.

O treito da OU-105 en que se desenvolve o proxecto construtivo comprende desde o p.q. 0+800 ata o 1+150, aproximadamente, e o obxectivo é a mellora da seguridade viaria da OU-105 no contorno do tanatorio de Ourense, mediante unha reordenación da sección transversal, optimizando a circulación de peóns e o tráfico rodado. Todo o treito está no termo municipal de Ourense.

O obxectivo deste proxecto consiste en definir as seguintes actuacións:

- Reordenación da sección transversal, repintando todo o treito recollido no proxecto.
- Accesos e interseccións:
  - Mellora no acceso ao tanatorio pola rúa Canizo no p.q. 0+860.
  - Glorieta de 36 m na intersección da OU-105 coa continuación da rúa Canizo (p.q. 1+065).
- Mellora nos carrís centrais de espera e incorporación no acceso á rúa Canizo (p.q. 0+860).
- Mellora dos firmes e pavimentos.

CVE-DOG: a0drpzko-gte2-iqe4-dni2-q0jhkq8yu2v1



- Completar os percorridos peonís e ciclistas cunha senda mixta na marxe dereita da rúa Canizo, ata a súa conexión coa OU-105.

- Sinalización e balizamento de todo o treito.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

#### RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, se somete a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos desta resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Ourense (rúa Sáenz Díez, 1, 32071 Ourense) e no Concello de Ourense (Pza. Maior, 1, 32005 Ourense). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ([https://infraestruturasmobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](https://infraestruturasmobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)), está á disposición dos interesados o documento de separata do proxecto de construción.

Santiago Compostela, 31 de xullo de 2019

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: a0drpzK0-gte2-jqe4-dni2-q0jhkq8yu2v1





## ANEXO

## Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

## Proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na OU-105 (Seixalbo), 2ª fase, clave OU/18/094.06

Concello de Ourense.

| Nº | Referencia catastral | Pol.  | Parcela | Propietario                                | Uso                        | Superficie total (m²) | Sup. para expropiar (m²) | Ocupación temporal do solo (m²) | Bens afectados                                                                                                                                                                                                                                                     |
|----|----------------------|-------|---------|--------------------------------------------|----------------------------|-----------------------|--------------------------|---------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1  | 4454787NG9845S0001YR | 44547 | 87      | Grúas Tower, S.A.                          | Industrial                 | 2.137,00              | 39,35                    |                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| 2  | 4454786NG9845S0001BR | 44547 | 86      | Eladio Blanco Pérez                        | V-Viña secaño              | 4.548,00              | 49,96                    |                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| 3  | 4452601NG9845S0001OR | 44526 | 1       | Máis 4, S.L.                               | C-labor ou labradío secaño | 383,00                | 57,65                    |                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| 4  | 4452610NG9845S0001JR | 44526 | 10      | En investigación (art. 47 da Lei 33/2003)  | C-labor ou labradío secaño | 549,00                | 313,27                   | 89,44                           |                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| 5  | 4452609NG9845S0001SR | 44526 | 9       | Luis Freire Iglesias                       | C-labor ou labradío secaño | 970,00                | 267,00                   | 167,66                          | Muro de pedra sobre pedra 14,30 m                                                                                                                                                                                                                                  |
| 6  | 32900A182003290000LI | 182   | 329     | Remedios Rúas Lorenzo                      | PD-prados ou pradeiras     | 2.916,00              | 98,33                    |                                 | Peches de postes de pedra con arame de espiño 2,00 m<br>Árbore de porte grande 6,00 ud.                                                                                                                                                                            |
| 7  | 32900A180002350000LQ | 180   | 235     | Celso Adán Álvarez<br>Domingo Adán Álvarez | MT-matogueira              | 5.909,00              | 953,59                   |                                 | Muro de bloque de formigón con postes de formigón e arame de espiño 51,90 m<br>Valo de arame 19,75 m<br>Porta peche parcela 1,00 ud.<br>Peches de postes de pedra con arame de espiño 20,00 m<br>Árbore de porte grande 2,00 ud.<br>Árbore de porte medio 7,00 ud. |



CVE-DOG: a0drpzk0-gte2-jqe4-dni2-q0jkhq8yu2v1



| Nº | Referencia catastral | Pol.  | Parcela | Propietario                                 | Uso                    | Superficie total (m²) | Sup. para expropiar (m²) | Ocupación temporal do solo (m²) | Bens afectados |
|----|----------------------|-------|---------|---------------------------------------------|------------------------|-----------------------|--------------------------|---------------------------------|----------------|
| 8  | 32900A180002400000LL | 180   | 240     | Saturnino Cuquejo Iglesias                  | I-improdutivo          | 363,00                | 176,30                   |                                 |                |
| 9  | 32900A180002300000LW | 180   | 230     | Edificio La Mola, S.L.                      | MT-matogueira          | 1.499,00              | 46,90                    |                                 |                |
| 10 | 32900A180002240000LZ | 180   | 224     | Luis Ferreras Méndez Teresa Fidalgo Salgado | PD-prados ou pradeiras | 758,00                | 125,87                   |                                 |                |
|    |                      |       |         |                                             | MT-matogueira          | 213,00                |                          |                                 |                |
| 11 | 32900A180002260000LH | 180   | 226     | Tanatorio As Burgas, S.L.                   | PD-prados ou pradeiras | 911,00                | 28,32                    | 253,98                          |                |
| 12 | 4352201NG9845S0001QR | 43522 | 1       | Tanatorio As Burgas, S.L.                   | I-improdutivo          | 149,00                | 7,73                     | 31,13                           |                |

